



A resistencia aos antibióticos é hoxe en día unha unha ameaza para a saúde mundial, a seguridade alimentaria e o desenvolvemento ([OMS](#)). O proceso da aparición de resistencias vese acelerado polo mal uso e abuso dos antibióticos, tanto nas persoas como nos animais. Un exemplo de uso incorrecto é tomalos para tratar infeccións víricas como son os catarros e as gripes. Se os antibióticos deixaran de funcionar infeccións comúns volverían a ser mortais.

A loita contra as resistencias é cousa de todos.

## QUE PODEMOS FACER OS CIDADÁNS NA LOITA CONTRA AS RESISTENCIAS AOS ANTIBIÓTICOS?

- **Nunca comprar os antibióticos sen receita** → **Ir ao médico.**
- **Completar o tratamento recomendado polo médico**  
↓
- **Desbotar as unidades sobrantes\*** → **Nunca compartir**  
↓
- **Nunca reutilizar**



\*Falar co farmacéutico